



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 5 DE MAIO DE 2023

### **PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

### **MEMBROS:**

MANUEL PÉREZ RIOLA  
CARMELA PRIETO CAL  
MAGDALENA PÉREZ VILLAR  
JESÚS ROMERO CARRACELAS  
ERMITAS GARCÍA RÍOS  
MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ  
LUÍS RUBIDO RAMONDE  
ESTEBAN BLANCO GARROTE  
MARÍA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

### **AUSENTES:**

Excusan a súa asistencia os concelleiros:

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO  
MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ  
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

### **SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

### **INTERVENTORA:**

MARIA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 10:38 horas do día 5 de maio de 2023, reúnenos os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020. Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



## 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 03.09.2022

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión do pleno extraordinario realizado o 03.09.2022.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno extraordinario de data 03.09.2022 , resultando APROBADA por unanimidade do membros presentes.

## 2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 5/2023

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía de data 28.04.2023, que di:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto:** Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 5/2023

**Expt. nº:** 2023/G006/000085

Visto o expediente nº 2023/G006/000085 correspondente ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 5/2023, relativo a gastos procedentes de exercicios anteriores, correspondentes a servizos prestados a este concello, por un importe bruto de 4.042,50 €.

Atendido o informe de Intervención de data 28/04/2023, fiscalizado con reparos.

Considerando o disposto no artigo 60 Real decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Considerando o disposto na base 13ª das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2023:

*“(…) Corresponde ao Pleno da Corporación a asunción de gastos procedentes de exercicios anteriores mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos, agás as dos contratados previamente e con créditos comprometidos no exercicio correspondente. (...)”*

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos, é o Pleno, segundo a base 13ª de execución do orzamento municipal, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da corporación, a adopción do seguinte acordo:



**Primeiro.-** Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente REX5-2023, xa que non tramitar as facturas provocaría un enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados e as facturas foron atopadas conforme.

**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 6 rexistros e un importe total de CATRO MIL CORENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS DE EURO (4.042,50 €), nos termos que se detallan a continuación:

NºRX	NºF RA	DATA FRA	CIF	NOME	TEXTO	PRO G	ECON	IMPORTE
F/2023/809	19A	31/10/2022	32663218K	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ELADIO	LIMPEZA CALLES Y SERVICIOS PUBLICOS	1621	22700	1.100,00 €
F/2023/810	20A	31/10/2022	32663218K	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ELADIO	SERVIZO XARDINERIA E LIMPEZA CEMITERIO	164	22799	247,50 €
F/2023/811	21A	30/11/2022	32663218K	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ELADIO	LIMPEZA CALLES Y SERVICIOS PUBLICOS	1621	22700	1.100,00 €
F/2023/812	22A	30/11/2022	32663218K	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ELADIO	XARDINERIA E LIMPEZA CEMITERIO	164	22799	247,50 €
F/2023/813	23A	31/12/2022	32663218K	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ELADIO	LIMPEZA CALLES Y SERVICIOS PUBLICOS	1621	22700	1.100,00 €
F/2023/814	24A	31/12/2022	32663218K	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ELADIO	SERVIZO XARDINERIA E LIMPEZA CEMITERIO	164	22799	247,50 €
							<b>TOTAL</b>	<b>4.042,50 €</b>

**Terceiro.-** Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes e ordear o pago por parte da Tesourería municipal con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan na relación anterior.

**Cuarto.-** Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

### **3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2022. MC 06 2023 CE 02 2023.**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía de data 28.04.2023, que di:

“**Expediente:** 2023/G006/000105

**Asunto:** Modificación de crédito modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2022. MC 06 2023 CE 02 2023.

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**



De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son créditos extraordinarios aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que non existe crédito previsto no orzamento.

A antedita modificación financiarase con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

No expediente da liquidación do orzamento de 2022, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 121/2023, do 16 de marzo de 2023, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.857.949,93 euros.

O gasto para o cal se propón a modificación é o que se sinala deseguido:

PARTIDA		DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
336	63200	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico. Edificios	CE	70.000,00	Arranxos escolar de Esteiro
<b>TOTAL</b>				<b>70.000,00</b>	

Visto que o presente expediente de crédito extraordinario finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2022, por importe total de 70.000,00 euros.

Visto o informe favorable de Intervención de data 28 de abril de 2023.

Sobre a base de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

#### MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
336	63200	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico. Edificios	CE	70.000,00	Arranxos escolar de Esteiro
<b>TOTAL</b>				<b>70.000,00</b>	

#### MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente de tesourería para financiamento de gastos xerais 2022	70.000,00



	<b>TOTAL</b>	<b>70.000,00</b>
--	--------------	------------------

**SEGUNDO.** Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**TERCEIRO.** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

#### **4. APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE CEDEIRA 2023-2028.**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía de data 02.05.2023, que di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE CEDEIRA 2023-2028**

Considerando que os nenos, nenas e adolescentes do Concello de Cedeira son suxeitos de especial protección e como parte da cidadanía teñen dereitos, liberdades, deberes e responsabilidades que cómpre protexer e dada conta dos traballos realizados para a elaboración do Plan de Infancia e Adolescencia onde están recollidas as medidas propostas polas mesas de participación realizadas por eles mesmos nos centros educativos e nas mesas de traballo onde participaron entidades e asociacións.

Visto o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira 2023-2028, construído dende a participación cidadá.

Considerando que dito Plan é a ferramenta que imos utilizar dende a nosa localidade para seguir traballando nos vindeiros anos en material de protección e participación da Infancia e a Adolescencia.

En base ao exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte.

Visto o informe de Secretaría de data 02.05.2023.



**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** APROBAR o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira 2023-2028.

**SEGUNDO.-** Publicar anuncio do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios do concello e sede electrónica municipal.”

Solicita a palabra o Sr. Rubido Ramonde, que di: Eu quería facer unha apreciación. Eu penso que isto sería máis democrático que pasara á nova Corporación.

O Sr. Alcalde di: Cómo?

O Sr. Rubido Ramonde di: Que este tema sería máis democrático que pasara á nova Corporación.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que non porque, primeiro, non estamos en funcións. Segundo, isto é algo no que se leva traballado. Non se aproba por motivos políticos, senón porque leva un traballo detrás moi grande. Non estamos aprobando un plan que se vai elaborar de aquí a mañá. Estamos aprobando un plan no que se leva traballado durante moitísimo tempo. Como isto e tamén os orzamentos participativos. Outra cousa é que aprobáramos algo que se levara para o seguinte. Porque isto que acabas de dicir tamén o podíamos dicir da aprobación do crédito extraordinario anterior.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non é o mesmo.

O Sr. Alcalde di: É a túa opinión. Lévese moito tempo traballando en todo isto e apróbase agora.

O Sr. Rubido Ramonde di: Penso que darlle a oportunidade á nova Corporación sobre este tema sería bastante democrático.

O Sr. Alcalde di: A nova Corporación decidirá no momento que entre, Luis. Para iso existe a democracia.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) en contra do PP.

O Sr. Alcalde di: Eu quería que Carmela dixera quen participa neste Plan de Infancia.

A Sra. Prieto Cal di: Eu entendo evidentemente calquera apreciación que poidades facer. E comprendo que chegamos ó final do mandato con este proxecto que xa estaba iniciado tempo antes. Tamén entendo que non é tanto como unha medida de goberno, senón que é un exercicio de participación. Contaba ter feito isto o máis pronto posible para despois poder acceder a actividades relacionadas coa adolescencia. Son propostas consensuadas, participadas e traballadas nas mesas de traballo nos centros educativos e co persoal municipal. E un plan feito polos propios rapaces e rapazas. O último que queríamos con isto era impoñer ningún tipo de actuación que non se quera facer. Creo que son medidas bastante axeitadas que teñen que ver con cómo viven o espazo os rapaces e rapazas do concello de Cedeira. E lonxe de querer crear calquera polémica, isto está feito coa intención de que puideran participar. Poido entender perfectamente a apreciación. Pero tamén creo que non é unha acción de goberno. A decisión de realizar o Plan sí, evidentemente, pero non o contido. Despois xa depende de que o goberno electo democráticamente despois do 28 de maio, tome en consideración continuar con esta liña de traballo ou non, ou que lle pareza máis ou menos acertado. Este é un pouco o sentido do Plan. Sen impoñer nada.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

## 5. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA CURSO 2022/2023

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía de data 02.05.2023, que di:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

O cometido desta proposta é o de informar do proceso de orzamentos participativos no curso escolar 2022/2023, realizado entre xaneiro e maio, para a presentación do mesmo ante o Pleno municipal.

Nos meses de xaneiro e febreiro realizáronse accións formativas nas aulas de 3º ESO, explicando o contido do proceso e recollendo ideas, como necesidades e propostas de intervención.

No mes de marzo realízanse tamén sesións de traballo sobre metodoloxías de investigación social á hora de realizar un diagnóstico participativo para dar as claves ao alumnado á busca de información, análise de datos e presentación de resultados.

No mes de abril realízanse sesións de traballo en grupo para sobre maduración de aspectos necesarios para elaborar as propostas, resultando o listado de propostas que presenta o alumnado ante o concello, recollendo un total de 14 iniciativas, levando a cabo entre o centro e o concello un diálogo para perfilar os intereses recompilados en ditas iniciativas.

O persoal municipal elabora os seus informes de viabilidade, informando das propostas que son factibles para elevar á Asemblea de votación. Se asigna ás propostas un orzamento de custe económico. As propostas viables son as seguintes:

Cedeira Respira Deporte/ Adquisición de equipamento deportivo para o ximnasio municipal.

Luz SkateBowl

PuppyPark ou Parque Canino

Centro Musical

O día 26.04.2023 celébrase a Asemblea de votación de propostas, no salón de actos do IES.

En dita Asemblea preséntanse as propostas viables cos seus importes, explicándose ditas iniciativas. Preséntase polo alumnado as 4 propostas que se someten a votación, a través dos representantes das aulas, resultando elixida a seguinte proposta: Cedeira Respira Deporte/ Adquisición de equipamento deportivo para o ximnasio municipal (22.602,47 euros). Por último, noméanse os representantes para presentar o resultado ante o Pleno municipal na Casa do concello, o 5 de maio.

Por todo o anterior, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar os trámites necesarios para a inclusión no presuposto municipal da execución do seguinte proxecto: Cedeira Respira Deporte/ Adquisición de equipamento deportivo para o ximnasio municipal, por importe de 22.602.47 euros.”



Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o Sr. Presidente invita a intervir a tres alumnos do IES Punta Candieira, en representación do alumnado que participou no proxecto de orzamentos participativos:

*“Primeiro de todo queríámoslle dar as grazas ó IES Punta Candieira e ó concello de Cedeira por darnos a oportunidade de poder mellorar algo do polideportivo de Cedeira ou do que quixéramos. Nós pensamos que unha proposta bastante boa, porque as instalacións do polideportivo de Cedeira, máis en concreto o ximnasio, están en bastante mal estado: con goteiras, óxido e demais.”*

*“Creemos que esta é unha boa opción porque pode axudar a mellorar a saúde das persoas de Cedeira e a que varias persoas de todo o pobo poidan entrenar e mellorar a súa forma física neste ximnasio. Ademais está ben que se poida entrenar xa que axuda a previr as enfermidades e a mellorar o estado físico en xeral. Por isto pensamos que tamén pode aportar á saúde do cedeirés.”*

*“Tamén hai que destacar que non só os homes van ó ximnasio, senón que tamén as mulleres. Un caso moi destacado é o de Ivón, que é a que leva o outro ximnasio, o Arena Gym, e é unha persoa que activa moito á xente xove, tanto a homes coma a mulleres, para que poidan mellorar o seu estado físico.”*

O Sr. Alcalde di: Moitísimas grazas. Ímoslle dar agora a palabra ó voceiro do Partido Popular, Luis.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós imos apoiar esta decisión. O que botamos de menos é outra apreciación deste tema. O parque de calistenia apenas o utiliza ninguén. A intervención que se propón agora é de reposición. É un mantemento de material. Creo que é de obrigado cumprimento. Esta non é unha cuestión nova. Sen embargo, co importe investido o outro ano e o que se vai investir agora, puidose traer unha máquina de cine dixital, para dar cine de estreo, e que non haxa que ir a Narón para pagar 8 euros.

O Sr. Alcalde di: Grazas pola túa intervención. Acabamos de comprar un proxector de vídeo para o auditorio para proxectar películas, que multiplica por dez a calidade que tiña o anterior. Creo que o erro de apreciación, e permíteme que te corrixa, non é o que se consegue cos orzamentos participativos, ou o proxecto único que se consegue. Aquí o que estamos a falar é dun proxecto de participación cidadá onde os rapaces e as rapazas de Cedeira ven unhas necesidades e coñecen como funciona un concello, cales son esas necesidades que eles detectan, como se traballa, como se pode conseguir, o diálogo ó que poden que chegar, os acordos que teñen que tomar, as propostas que tiveron que traballar... e todo iso. Eu creo que iso é o importante da participación cidadá . Ó final non é se é o parque de calistenia, o centro musical... porque seguro que xa tiveron eles o seu debate. O importante é que eles participen. Que sepan as necesidades que pode ter un concello a parte do mantemento e todo iso, que é verdade que é cousa nosa. Eu penso que a política non se basa en que 7 concelleiros do grupo de goberno e 6 da oposición fagan nun pobo o que eles queiran. Tamén se basa no que a xente poda opinar. Eu creo que ese é, para min, o erro, non dicir a onde se chega, senón como se consegue, que é o máis importante. E seguiremos traballando. Paréceme que é unha moi boa proposta e se está facendo. Nós estamos moi contentos cos que participan e creo que mentres isto siga funcionando así se debería de levar a máis ámbitos da sociedade. Carmela, queres apuntar algo máis?

A Sra. Prieto Cal di: En realidade un pouco o que dixeches. A detección é a prioridade que eles estableceron. Hai moitas cousas que puideron estar arranxadas antes ou cambialas antes, pero ó final chegamos a este momento, con esta realidade, e isto é o que decidiron eles dunha maneira asamblearia. E estou moi agradecida. Aproveito este momento para agradecer a parte técnica do





proxecto aos rapaces e rapazas, á dirección do instituto e tamén aos titores e titoras, por participar con esta visión do proxecto, a cal nos pareceu moi interesante. Estou agradecida de que estedes hoxe aquí e defendades a vosa proposta ante o Pleno, que é complicado. Moitas grazas por vir.

O Sr. Rubido Ramonde di: Isto non deixa de ser unha obra de mantemento e reposición de material que estaba deteriorado.

O Sr. Alcalde di: Non Luís

O Sr. Rubido Ramonde di: O “cómo” ninguén o discute. Está moi ben o procedemento. Pero eu creo que cabía outro tipo de orientación. Agora eu quero facerche unha pregunta: o proxector que adquiriches é compatible co cine dixital?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Rubido Ramonde di: Que importe ten?

O Sr. Alcalde di: Non sei... trece mil e algo.

O Sr. Rubido Ramonde di: O dubido. O cine dixital hoxe é por cable. Métese nun disco duro e está lista para o estreo. Esta xente houbera pagado aquí 3 euros e en Narón vai a pagar 8. Estou falando dende a inocencia de un que non vai nas listas. Entón, a ver se no futuro imos a por iso.

O Sr. Alcalde di: Eu non digo que sexa unha proposta que estea mal, nin moito menos. Todo o contrario, paréceme unha proposta moi adecuada. Pero a finalidade disto é que eles mesmos detecten esa necesidade. Eu recuerdo o ano pasado, cando se fixeron os orzamentos participativos, que aproveitaron a dicir ó final de todo que tamén lles gustaría que na praia puxeran unhas porterías e unha rede de volei. É dicir, isto é o importante deste proxecto, que eles decidan.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu insisto en que o que é deteriorado polo tempo é de obrigado cumprimento que se repoña.

O Sr. Alcalde di: Grazas a todos vós. Á toda a comunidade educativa do centro. A Maica. Que sigades traballando e pensando no futuro e neste tipo de cousas. Como ben dixemos antes, agora hai unhas eleccións, e quen veña na seguinte Corporación pois que siga traballando e colaborando, e que vos escoiten, que iso é o realmente importante, a vosoutros e a todo o mundo.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 11:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ